

PREMIO DE ORATORIA EN FORMATO PODCAST "RAMÓN OTERO PEDRAYO"



A Asociación Amigos de Otero Pedrayo convoca o I Premio de Oratoria en Formato Podcast "Ramón Otero Pedrayo", dirixido a alumnado galego entre 15 e 25 anos.

Obxectivo

O premio "Amigos de Otero Pedrayo", creado coa idea de que a figura de don Ramón non sexa esquecida polas novas xeracións, oriéntase desde o ano 2023 ao campo da oratoria e da comunicación oral e pasa a chamarse Premio de Oratoria en Formato Podcast "Ramón Otero Pedrayo", coa finalidade de incentivar a expresión correcta e as habilidades comunicativas mediante o cultivo da expresión oral e da oratoria, da que Ramón Otero Pedrayo foi un mestre, con técnicas actuais para a sociedade dixital.

Participantes

Poderá participar calquera estudante de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, grao universitario ou máster que teña entre 15 e 25 anos. A participación será individual.

Temas preferentes e idioma

Os podcasts versarán preferentemente sobre temas ligados ao universo oteriano, como o medio natural, a paisaxe, a sostibilidade, o territorio, o patrimonio, a historia, a xeografía, a etnografía, a comunicación oral ou a tradición oral.

O idioma empregado para abordalos será o galego.

Partes da peza

Cada peza debe ter unha presentación do/a autor/a e do tema, unha mensaxe central e un peche.

Categorías e dotación

O certame está dotado con 3.750 euros que se distribúen en tres premios:

(1) Primeiro premio, consistente no seguinte:

- un ordenador portátil achegado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e valorado en 2.000 €
- e 500 € en produtos Coren e outros 500 € en metálico, achegados por Coren.

(2) Segundo premio, dotado con 500 € en produtos Coren achegados por esta empresa.

(3) Terceiro premio, dotado con 250 € en produtos Coren achegados por esta empresa.

Formas de presentación

As pezas que se presenten, en formato podcast e vídeo, deben enviarse ao correo da asociación amigos.de.otero.pedrayo@gmail.com entre o 10 de febreiro e o 25 de xullo de 2023.

Compromisos

A participación no concurso implica a cesión de dereitos de difusión das pezas á Asociación de Amigos de Otero Pedrayo.

Xestión e resolución do premio

A Asociación de Amigos de Otero Pedrayo elixirá o xurado, que estará formado por cinco persoas expertas no campo da comunicación e da cultura e que, ademais de resolver o premio ao mellor traballo e difundilo por todas as canles de que dispón a entidade, seleccionará as mellores pezas non premiadas para poñelas en acceso aberto na súa páxina web.

A valoración das pezas terá en conta, de forma preferente, os seguintes criterios: vocabulario, voz e dicción, xesticulación (de ser o caso), organización do discurso, argumentación e calidade técnica da peza entregada. A programación, organización, execución e avaliación dos traballos que se presenten correrán a cargo da Asociación de Amigos de Otero Pedrayo.

A Asociación reserva para si o dereito de xestionar a admisión das pezas presentadas e velará por que as pezas que concursan cumpran os requisitos recollidos nas bases e teñan calidade. A resolución do premio darase a coñecer o día 31 de agosto.



Máis información:

por tlf. 988281139 ou a través do correo amigos.de.otero.pedrayo@gmail.com